



CADERNO DE ORIENTACIÓN PARA AS PERSOAS QUE QUEREN REALIZAR

## PROBAS DE ACCESO A CICLOS DE GRAO SUPERIOR 2023



Centros  
Integrados  
Formación Profesional



**INSCRIPCIÓN DO:**  
**23 DE XANEIRO**  
**AO 3 DE FEBREIRO**  
**DE 2023**



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



FONDO SOCIAL EUROPEO

## **PROBAS DE ACCESO A GRAO SUPERIOR 2023**

### **INSCRIPCIÓN PARA A PROBA**

**Do 23 de xaneiro ao 03 de febreiro**

### **PUBLICACIÓN LISTAXE PROVISIONAL DE INSCRITOS**

**10 de febreiro**

### **RECLAMACIÓN A ESTA LISTAXE PROVISIONAL**

**13 ao 17 de febreiro**

### **PUBLICACIÓN LISTAXE DEFINITIVA**

**13 de marzo**

### **PUBLICACIÓN CENTROS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS**

**13 de marzo**

### **CELEBRACIÓN DA PROBA**

**20 de ABRIL**

### **PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS**

**03 de maio**

### **RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS**

**03-09 de maio**

### **PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS**

**01 de xuño**

### **ENTREGA DOS CERTIFICADOS DE SUPERACIÓN DA PROBA**

**A partir do 2 de xuño**

## REQUISITOS PERSOAS PARTICIPANTES NA PROBA DE ACCESO AO GRAO SUPERIOR.

Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior as persoas que **NON CUMPRAN OS REQUISITOS ACADÉMICOS** esixidos para acceder a eles e teñan **DEZANOVE ANOS** ou os fagan no ano de realización da proba.

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**As solicitudes deberán realizarse telematicamente empregando o asistente informático dispoñible na aplicación Ciclosprobas.** O asistente facilita o proceso de crear unha solicitude de inscrición nas probas de acceso de grao superior. **A aplicación xera unha instancia para imprimir que se deberá presentar nun centro de inscrición xunto coa documentación que se indique na propia instancia. En tanto que non se efectúe este trámite, non quedará feita a matrícula.**

☒ As solicitudes presentadas por usuarios maiores de idade dos cales se dispoña de todos os seus datos e que empreguen algún sistema de autenticación serán validadas automaticamente, polo tanto non será necesario presentalas en ningún centro de inscrición.

☒ Para acceder ao asistente da aplicación:  
– Será posible ir directamente escribindo o seguinte enderezo do seu navegador de Internet:

<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinalInicio.do>

Tamén é posible ir a Ciclosprobas premendo no texto "Ligazón á aplicación informática" dispoñible na páxina "Convocatoria 2023" dentro de "Acceso a grao superior" desde o menú da páxina [www.edu.xunta.gal/fp/probas](http://www.edu.xunta.gal/fp/probas)

## Centro de Inscripción.

Considérase centro de inscrición calquera centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con oferta de formación profesional.

***Recoméndase usar como centro de inscrición o máis próximo ao domicilio habitual***, posto que calquera outro trámite posterior á inscrición (por exemplo, consulta de listaxes de proba adaptada, presentación de reclamacións, etc.) deberá realizarse exclusivamente no centro de inscrición elixido.

Ademais, a sede de exame que se lle asigne será un centro próximo ao devandito centro de inscrición.

## CÓDIGO PERSOAL DE CONSULTA (CPC)

En todas as listaxes que sexa necesario publicar que conteñan datos persoais dentro do proceso de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior, será substituído o número do documento oficial de identidade e o nome e apelidos por un **código persoal de consulta (CPC)**. Deste xeito as listaxes darán toda a información necesaria para o seguimento público do proceso de probas de acceso, pero garantindo a confidencialmente dos datos persoais.

Para consultar a situación persoal poderase obter o CPC da aplicación informática Ciclosprobas.

### Obtención do código persoal de consulta (CPC)

Para obter o CPC debe ir a aplicación Ciclosprobas no seguinte enderezo

<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinaInicio.do>

Hai que escoller a opción "Ver código persoal de consulta":

Na pantalla que aparece a continuación haberá que escribir o número do documento oficial de identificación (DNI, NIE ou

pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de inscrición nas probas de acceso a grao superior e o código de solicitude (código alfanumérico que aparece na marxe dereita do encabezado do impreso de solicitude, debaixo do código de barras) e premer en "Buscar":

Cubrir os campos	Resultados da busca
<p>Consulta código persoal</p> <p>Filtros</p> <p>DOI/DNI*</p> <p>Código de Solicitude*</p> <p>Buscar</p>	<p>Código persoal de consulta</p> <p>Datos persoais</p> <p>DOI</p> <p>DNI da persoa solicitante</p> <p>Nome</p> <p>Nome da persoa solicitante</p> <p>Código</p> <p>103E5H0E4F</p> <p>Código persoal de consulta (CPC)</p>

## ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA PROBA.

Adecuraranse a aspectos básicos do currículo de determinadas materias do bacharelato. Estructuraránse en dúas partes: común e específica.

### A PARTE COMÚN

Valorará a madurez e a idoneidade das persoas candidatas para seguiren con éxito os estudos de formación profesional de grao superior, así como a súa capacidade de razoamento e expresión escrita.

**Organizarase en tres probas:**

- ☑ **Lingua galega.**
- ☑ **Lingua castelá.**
- ☑ **Matemáticas.**

## A PARTE ESPECÍFICA

Valorará as capacidades de base referentes ao campo profesional de que se trate, e versará sobre coñecementos básicos das materias de referencia establecidas para cada ciclo formativo a que se pretenda acceder.

**ORGANIZARASE CON BASE EN TRES OPCIÓN, A, B e C,** en función das familias profesionais.

A persoa aspirante deberá elixir unha das tres opcións no momento de formalizar a solicitude de inscrición para a proba, escollendo dúas das tres materias das que desexa que se lle examine:

- ☑ **OPCIÓN A:** ECONOMÍA DA EMPRESA, LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS OU FRANCÉS), E FILOSOFÍA.
- ☑ **OPCIÓN B:** DEBUXO TÉCNICO, TECNOLOXÍA INDUSTRIAL E FÍSICA.
- ☑ **OPCIÓN C:** CC. DA TERRA E AMBIENTAIS, QUÍMICA E BIOLOXÍA.

### NOTA IMPORTANTE:

Para acceder aos ciclos da [Familia de Imaxe e Son](#) hai que elixir a [Opción B](#), agás para o ciclo de [Produción de Audiovisuais e Espectáculos](#) que hai que elixir a [Opción A](#).

## HORARIO DA PROBA.

- Ás 9:00 horas: **PRESENTACIÓN.**
- Das 9:30 ás 13:00 horas: **PARTE COMÚN** da proba (Matemáticas, Lingua galega e Lingua castelá).
- Das 16:00 ás 18:30 horas: **PARTE ESPECÍFICA** da proba (materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo ao que se desexe acceder).

**NOTA IMPORTANTE:** As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu DNI e a copia da folla da solicitude de inscrición.

## CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

### Como se calcula a nota da proba de acceso?

A cualificación de cada parte da proba (común e específica) será numérica, entre cero e dez puntos.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada parte (común ou específica) e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais.

Será positiva a cualificación de 5,00 puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como "Non apto/a".

Para calcular a media da nota de cada parte non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

### A que nota numérica equivale a certificación onde conste unha cualificación de "Apto/a"?

A normativa vixente establece que as persoas que posúan certificacións onde conste só "Apto/a", sen nota numérica, participarán no proceso de admisión a ciclos formativos cunha cualificación de 5,00.

### No caso de gozar de exención nalgunha das partes da proba ou na totalidade, como se calcula a nota da proba de acceso?

Para os efectos de cálculo da nota final da proba de acceso non se terán en conta as partes da proba das que a persoa participante fose declarada exenta. Así mesmo, no caso de exención de todas as partes da proba, a cualificación final expresarase como "exento/a". Para os efectos de admisión en ciclos formativos, a exención total da proba equivalerá a unha cualificación de 5,00 puntos.

Exemplos de cálculo de nota

Nota da parte común	Nota da parte específica	Nota media	Nota final
6,00	7,00	6,50	6,50
4,00	5,00	4,50	Non apto/a
4,50	7,00	5,75	5,75
3,00	8,00	--	Non apto/a
Exención	7,00	7,00	7,00
4,00	Exención	4,00	Non apto/a
Exención	Exención	5,00	5,00



Quen **non superase a proba na súa totalidade, manterá a cualificación obtida nas partes superadas (parte común ou parte específica)** cunha puntuación igual ou superior a cinco en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia durante un máximo de **dous anos**. As persoas interesadas en acollerse a esta posibilidade deberán acreditarlo no momento de formalizar a inscrición.

### CONSERVACIÓN DAS PARTES SUPERADAS.

Quen teña realizada a proba de acceso a ciclos formativos de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2021 ou 2022 e non a superase na súa totalidade poderá solicitar a conservación da cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco para a presente convocatoria. En caso de solicitar a conservación, non poderá examinarse desa parte ou desas partes da proba.

### EXAMES DE CONVOCATORIAS ANTERIORES

Poden consultarse exames de convocatorias anteriores na seguinte dirección: <http://www.edu.xunta.es/fp/node/269/>

### CONSULTA DE INFORMACIÓN

Poderase *consultar* toda a información deste proceso tanto nos centros que impartan formación profesional como nas páxinas:

[http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm\\_send/9965](http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/9965)

<http://www.edu.xunta.es/fp/>

**TELÉFONO DO CIFP IMAXE E SON: 981 17 31 81**

**Páxina web. <http://cifp.eis.gal/>**